



APE GALICIA – NOVAS

- ✓ INAUGURACIÓN DO POLO DE EMPRENDAMENTO E APOIO AO EMPREGO EN BAÑOS DE MOLGAS
- ✓ XII FESTA DO CALDO DE MOURENTE
- ✓ REUNIÓN DAS DIRECCIÓNS XERAIS DE TRABALLO AUTÓNOMO
- ✓ MULLERES REFERENTES DO MORRAZO
- ✓ ENCONTRO DA ORDE DA VIEIRA
- ✓ PREMIOS EMPRENDAMENTO EN FEMENINO
- ✓ ASAMBLEA XERAL EXTRAORDINARA GALP RIA DE PONTEVEDRA

INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

- ✓ REUNIÓN DA MESA DO EMPREGO AUTÓNOMO

OUTRAS NOVAS

- ✓ REMATA A IMPARTICIÓN DO CERTIFICADO PROFESIONAL DE “ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE ALMACÉNS”

APE GALICIA - NOVAS

❖ INAUGURACIÓN DO POLO DE EMPRENDIMENTO E APOIO AO EMPREGO EN BAÑOS DE MOLGAS

O pasado día 5 de marzo inaugurouse en Baños de Molgas, na provincia de Ourense, un novo polo de emprendemento, que supón a o cuarto deste tipo na provincia.

Á inauguración desta nova oficina acudiu a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, Elena Rivo, e en representación de APE Galicia estivo o vicepresidente por Ourense David Martínez.

Este novo polo, únese aos de Verín, O Carballiño e o Barco de Valdeorras, na provincia ourensá e supón un bo reforzo na dinamización do rural.

A conselleira destacou, neste acto, que os polos son “útiles” para atraer talento e para fixar poboación e sinalou que a rede estase a reforzar con mais asesoramento no eido da economía social e tamén centrado na remuda xeracional.

Esta é unha mostra máis do firme compromiso que ten a Xunta coas persoas emprendedoras e traballadoras autónomas de Galicia.

❖ XXXII FESTA DO CALDO DE MOURENTE

O presidente de APE Galicia foi investido Cabaleiro do Caldo na edición deste ano da tradicional festa que se celebra na parroquia pontevedresa de Mourente e que desde o 2018

o Consello da Xunta a declarou festa de interese turístico de Galicia.

❖ REUNIÓN DAS DIRECCIÓNS XERAIS DE TRABALLO AUTÓNOMO

O 13 de marzo UPTA organizou unha reunión das direccións xerais de traballo autónomo, no Parador Nacional de Cambados, no que participou o presidente de APE Galicia, Jose Ramón Caldas, e durante a cal tiveron lugar varias ponencias e mesas de traballo que abordaron temas como a formación e a dixitalización como motor para a transformación e os plans integrais de remuda xeracional.

Estas mesas de traballo organizanse dentro do *Seminario Acuerdos de Interés Profesional en las Actividades Profesionales* que UPTA celebrou nesta vila durante dous días e a partir do cal elaborará un informe que se trasladará ao Ministerio de Trabajo.

Segundo, Eduardo Abad, presidente desta entidade, o obxectivo de UPTA é establecer os mecanismos que permitan identificar falsos autónomos para arbitrar as medidas a adoptar por parte da inspección de traballo.

❖ MULLERES EN IGUALDADE DO MORRAZO PREMIA A MULLERES REFERENTES DA COMARCA

O pasado día 16 de marzo Mulleres en igualdade do Morrazo organizou a primeira edición de “**Mulleres referentes do Morrazo**”.

Nesta primeira edición quixeron homenaxear ás mulleres dos profesionais do Mar.

Ó acto, que tivo lugar no Auditorio Municipal Xosé Manuel Pazos de Cangas, foi invitada APE Galicia e en representación da nosa entidade acudiu Dolores Sánchez.

No acto se quixo facer homenaxe ao papel das compañeiras, esposas ou parellas dos tripulantes dos buques de altura e gran altura que pasan longos periodos embarcados que lles manteñen lonxe das súas familiase non lles permiten disfrutar delas todo o que lles gustaría.

Posteriormente pechouse o acto cunha mesa redonda onde algunhas mulleres compartiron a súa experiencia e vivencias así como os seus medos no día a día.

❖ **EVENTO INTERNACIONAL DA ENXEBRE ORDE DA VIEIRA.**

A Enxebre Orde da Vieira celebrou o pasado 16 de marzo o seu evento anual durante o cal, e como ven sendo tradicional, recoñécese a labor de personalidades galegas fóra da nosa comunidade.

Este ano, os Trofeos Galeguidad 2024 foron para o expresidente do Tribunal Constitucional, Juan José González Rivas, a título individual; ao evento de 'A rapa das bestas de Sabucedo' na categoría de persoa xurídica, e á web da Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia, Galiciaaberta.com, na de medio de comunicación.

Doutra banda, os galardóns Madrigallegos de Ouro recairon en Laura González Molero, ao mérito empresarial; Celso Rodríguez Padrón, ao mérito xurídico; Beatriz Domínguez-Gil, ao mérito en sanidade; Marta Rivera da Cruz, ao mérito no

servizo público; e a Xavier Fortes en comunicación.

O evento tivo lugar no Hotel EUROSTARS SUITES MIRASIERRA e acudiu o presidente de APE Galicia.

❖ **PREMIOS EMPRENDEMENTO FEMININO**

O pasado 21 de marzo, Sar Comunicación XXI, en colaboración co concello de Marín e Ence, fíxeron entrega na sede da Autoridade Portuaria de Marín, dos primeiros galardóns dos Premios Emprendemento Feminino a tres mulleres María Fernanda Castro, recoñecida na categoría Emprendemento, Susana Luaces en Innovación, e Belén Trabazo na categoría de sostenibilidade. APE Galicia foi invitada ó acto e o presidente Jose Ramón Caldas acudiu como representante.

❖ **PREMIO MULLERES SENLLEIRAS**

O 23 de marzo celebrouse a entrega de premios Mulleres Senlleiras, da man de Mulleres en Igualdade de Poio e da Ria de Pontevedra en colaboración co Galp, este acto tivo lugar no Centro Cultural Xaime Illa, o presidente Jose Ramón Caldas acudiu en representación de APE Galicia, e tamén acudiron os alcaldes de Meaño e Poio, xunto coa tenente de alcalde de Sanxenxo e concelleiros dos municipios premiados.

❖ **APE GALICIA FIRMA CONVENIO COLABORACIÓN CON CONFIMINHO**

❖ **REUNIÓN CO COLEXIO DE VETERINARIOS**

INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

se está a deseñar e coa web <https://polosemprendemento.gal/remuda-de-negocios> na que se identifican negocios en proceso de remuda, aberta a quen queira transmitir a súa empresa ou para quen teña interese en acceder a un negocio en traslado.

❖ REUNIÓN DA MESA DO TRABALLO AUTÓNOMO

A Mesa do Emprego Autónomo de Galicia celebrou o 6 de marzo unha nova reunión, presidida pola conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade para facer balance do estado das convocatorias de axuda lanzadas polo goberno galego nesta primeira parte do ano 2024 para favorecer o emprendemento.

Tamén aproveitouse esta reunión para informar sobre o programa de “remuda” de negocios estrenada este ano.



Segundo informou a conselleira nesta reunión, o goberno galego pretende unificar na nova legislatura todas as axudas a autónomos e emprendedores para unha tramitación máis axil así como tratará de fomentar a presenza feminina en sectores masculinizados.

Tamén se abordou na mesa o programa de remuda xeracional cunha orde de axudas que xa

APE GALICIA - FORMACIÓN

❖ REMATA O CERTIFICADO PROFESIONAL “ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE ALMACÉNS”.

O 4 de marzo e despois de rematar o módulo de prácticas non laborais e de cursar os módulos transversais, dimos por clausurada a formación dirixida a persoas desempregadas e encaminada a obter o Certificado profesional de Organización e Xestión de Almacéns, que no mes de outubro comezaran 12 persoas desempregadas.

Durante este mes desenvolveron as 80 horas de prácticas non laborais en varias empresas da zona para así poñer en práctica os coñecementos adquiridos e completar o Certificado profesional.

As empresas e entidades colaboradoras no desenvolvemento desta parte da acción formativa foron:

- VEXED SHOES COMPANY
- KRACK THE WALK, SL
- PONTEVEDRA BRICOLAJE, S.L.
- CARPINTERÍA CEYEDA, S.L.U
- O PERCEBEIRO, S.L.
- LA GARDENIA 2015, S.L.
- RECALVI, S.L.
- HISEMAR, S.L
- PERSIANAS GALISUR, SL

As persoas alumnas remataron con éxito esta parte do certificado e fixeron unha valoración moi positiva da mesma.

Este certificado oficial acredita aos alumnos e alumnas a organizar e controlar as operacións e fluxos de mercadorías do almacén, de acordo cos procedementos establecidos e a normativa vixente, e asegurando a calidade e a optimización da rede de almacens e a cadea loxística

Poderán desenvolver as súas funcións por conta propia e allea, organizando e xestionando o almacén ou servizo de almacenaxe en empresas de calquera sector que dispoñan de almacén e/o departamento loxístico, asegurando o nivel e calidade da xestión do almacén dentro da cadea loxística.

Para mais información, visita as nosas webs:

<http://www.apegalicia.gal/>

O nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



https://www.instagram.com/ape_galicia/

APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

info@apegalicia.es

Dirección: Gajos de
Mendoza Nº2, Bajo 2 -
36001 Pontevedra

